

- 1.- Explica como a humanidade, dende as súas orixes, foi empregando a enerxía. Pon catro exemplos na Prehistoria, a Idade Antiga e a Idade Media.
- 2.- Que transformacións produce a enerxía eléctrica no teu ordenador?
- 3.- Pon un exemplo de cada unha das seis formas de enerxía que se falan no texto.
- 4.- Que se quere dicir con que na dixestión dos alimentos hai enerxía química?
- 5.- Que tipos de enerxía podemos observar nun coche en movemento?
- 6.- A enerxía, ten densidade? Explica a túa resposta.
- 7.- Pon un exemplo onde a enerxía sufra máis dunha transformación.
- 8.- Se levamos máis dun século usando o petróleo, como é que din que vai a desaparecer?
- 9.- Que proceso ten que pasar para que se forme carbón e para que se forme petróleo?
- 10.- Que diferenza hai, en canto á extracción, entre o carbón e o petróleo?
- 11.- Explica como se obtén enerxía eléctrica nas centrais hidroeléctricas. Fai un debuxo.
- 12.- Que quere dicir biomasa e xeotérmica?
- 13.- Como cres ti que se podería conseguir enerxía do mar?
- 14.- Para construír centrais hidroeléctricas modificáronse as cuncas dos ríos, que problemas para a natureza puido ter isto?
- 15.- Que quere dicir a expresión “esgotamento dos recursos”?
- 16.- Se non se está usando un aparello eléctrico, aparentemente xa non consume enerxía. Por que é recomendable desenchufalo?
- 17.- Que poderíamos cambiar nas nosas casas, edificios ou no cole para que fosen sustentables? Apunta tres ideas como mínimo.